

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE BIOMASA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2018

REUNIDOS

Doutra parte, **Angel Bernardo Tahoces**, director do Instituto Enerxético de Galicia, actuando en nome e representación deste, en virtude do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude por resolución do 10 de marzo de 2017, pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da axencia Inega.

Doutra parte, **María Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia Turismo de Galicia, actuando en nome e representación desta, en virtude do Decreto 159/2016, do 24 de novembro do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire os artigos 4 e 19 dos estatutos da axencia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, que desconcentra na persoa titular da Axencia Turismo de Galicia a competencia para subscribir acordos de colaboración no seu respectiva ámbito de competencias.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- O Instituto Enerxético de Galicia (en adiante Inega) é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 j) do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, lle corresponde o impulso e a execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando esta oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da comunidade galega.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Que no exercicio destas funcións, correspóndelle executar, entre outras, as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que o 13 de novembro de 2015 o Consello da Xunta probou a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2015-2020, co obxecto de planificar, xestionar e avaliar de xeito integral o conxunto de actuacións a levar a cabo neste período.

Esta iniciativa enmarcase dentro da Estratexia integral de impulso a biomasa forestal 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta, na súa xuntanza de 17 de xullo de 2014, e mediante a cal se pretende fomentar a utilización da biomasa con fins enerxéticos, o que supón toda unha serie de vantaxes tanto sociais, coma ambientais, económicas e enerxéticas, pois a biomasa é unha enerxía renovable cun reducido impacto ambiental que polo seu carácter de recurso autóctono favorece, dentro do campo enerxético, o autoabastecemento e a seguridade da subministración.

O obxecto principal desta estratexia de acción integral da biomasa en Galicia durante o período 2014-2020 é xerar valor e emprego en todo o ciclo produtivo da biomasa en Galicia. Vai dirixida a toda a cadea de valor da biomasa térmica: propietarios dos montes, axentes da actividade económica (Cadea de distribución e transformación, instaladores de caldeiras térmicas) e axentes sociais (familias, tecido empresarial e administracións públicas). Preténdese garantir o máximo aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións de substancias contaminantes á atmosfera, os equipos de xeración de calor serán instalacións con avanzadas prestacións operativas, con elevados niveis de eficiencia enerxética e cun bo comportamento con respecto ao medio ambiente.

Os obxectivos a alcanzar no 2020 co desenvolvemento desta estratexia son: conseguir un aforro económico anual na compra de combustibles fósiles de 70 millóns de euros, mobilizar un investimento asociado en torno aos 450 millóns de euros, xerar máis de 1.000 novos postos de traballo, valorizar 275.000 t/ano de biomasa, e evitar a emisión á atmosfera de 246.000 toneladas de CO₂ ao ano.

O Inega participa neste proxecto por trátarse de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia encadradas na actuación 4.1.2.2 – Fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables na administración xeral da comunidade autónoma e no sector público autonómico, do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O financiamento deste proxecto farase con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 nun 80%.

Cuarto.- As actuacións contempladas no presente acordo de colaboración axustaranse en todo momento ao establecido no *Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020* e a normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, dentro da que se atopa o *Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais*

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

*relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, que establece as normas comúns aplicables á totalidade dos fondos anteriores, denominados **Fondos Estruturais e de Investimento Europeos**.*

O emprego dos fondos para cofinanciar as actuacións contempladas neste acordo tamén se axustarán á normativa específica recollida no Regulamento 1301/2013, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego.

Quinto.- A Axencia Turismo de Galicia está interesada en potenciar o aforro e na eficiencia enerxética e o uso da biomasa co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos seus edificios.

Segundo o previsto no artigo 30 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, a Axencia Turismo Galicia financiarase, entre outros, mediante transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

As partes, conscientes da necesidade de que se promovan accións relacionadas coa eficiencia e aforro enerxético e o desenvolvemento das enerxías renovables nos centros pertencentes a administración pública, e con base no principio de coordinación administrativa e unidade de acción que debe presidir a actuación dos órganos administrativos da Xunta de Galicia, e dado o interese común e obxectivos coincidentes, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento deste proxecto e están interesadas en establecer o presente acordo de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do acordo

O obxecto é establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Axencia Turismo de Galicia para impulsar a biomasa en centros dependentes da administración autonómica.

Segunda.- Compromisos da Axencia de Turismo de Galicia

1. Executar as actuacións das que é obxecto este acordo e que se desenvolverán nos edificios incluídos no Anexo I. Trátase de actuacións en materia de renovables e van a consistir na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa, co fin de dar servizo de calefacción e/ou auga quente sanitaria a estes centros.

2. A Axencia Turismo de Galicia deberá comunicar a comisión de seguimento a data de inicio do procedemento administrativo necesario para a contratación das instalacións previstas. Esta contratación poderá realizarse a través de calquera tipo contractual válido dos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A todos os efectos entenderase como data de inicio do procedemento administrativo para a contratación dos servizos enerxéticos, a data da publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea; no caso de que o procedemento de contratación non esixira esta publicación, esta circunstancia deberá acreditarse ao Inega e acompañarse da publicación no Diario Oficial que sexa de aplicación.

3. Cumprir cos requisitos que se especifican no Código Técnico da Edificación (CTE), aprobado por Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, co Regulamento de instalacións térmicas de

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

edificios (RITE) aprobado por Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo e demais normativa de aplicación na execución do proxecto.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobación e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Control, e, no seu caso, polos órganos de Control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Ademais, e posto que o proxecto está cofinanciado con fondos comunitarios do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, someterase as verificacións que levará a cabo a autoridade de xestión sobre a base do disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 125 do Regulamento (CE) núm.1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347 do 20.12.2013) así como ás comprobacións pertinentes dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeos.

5. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (CE) núm. 1303/2013.

6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos no caso de operacións cun gasto subvencionable inferior a un 1.000.000€ a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación.

7. Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, nos termos e prazos previstos no Regulamento (CE) núm. 1303/2013.

8. O tratarse dun proxecto cofinanciados con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento e de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá:

a. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Inega, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto incluíndo a imaxe institucional do Inega e a Xunta de Galicia e mostrando o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, e unha referencia ao Fondo, que dá apoio á operación, o lema do Fondo “Unha maneira de facer Europa”.

b. Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Inega, Xunta de Galicia e Feder: a) facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña de un, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. b) colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (de un tamaño mínimo A3), no que



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio

O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

A operación consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

9. Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Inega.

10. Posto que o proxecto leva cofinanciación comunitaria o beneficiario acepta a súa inclusión na lista de operacións á que fai referencia o artigo 115, apartado 2, e co contido previsto no Anexo XII, do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Terceira.- Compromisos do Inega

1. Achegar 684.220,78 euros para a implantación dos sistemas de biomasa nos centros seleccionados.

2. Asesorar á Axencia Turismo de Galicia nos aspectos técnicos e xurídicos necesarios para a licitación dun sistema de xeración térmica a partir da biomasa que se implantará en diferentes centros co fin de dar enerxía a estes edificios.

Cuarta.- Financiamento

Nos orzamentos para os anos 2018 e 2019 da Axencia Turismo de Galicia e do Inega, existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte ás actuacións establecidas neste acordo, sendo as achegas e as anualidades asumidas por cada unha das partes as que se reflicten no seguinte cadro:

	Achega	2018	2019	Total	Aplicación orzamentaria
Axencia Turismo de Galicia	20%	80.104,21	90.950,98	171.055,19	04.A2.761A.622.0
Instituto Enerxético de Galicia	80%	320.416,86	363.803,92	684.220,78	09.A2.733A.732.12
Totais	100%	400.521,07	454.754,90	855.275,97	

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Axencia de Turismo de Galicia, mediante a

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia e retención de crédito correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1.-A Axencia Turismo de Galicia facilitará ao Inega a efectos de xustificación, a seguinte documentación:

- a) Publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea ou no que fora de aplicación.
- b) As condicións de adxudicación definitiva do expediente de contratación, no prazo de 15 días desde a data de formalización do contrato co adxudicatario, mediante certificado da Axencia de Turismo de Galicia que reflicta o importe do investimento elixible de enerxías renovables (de xeración térmica) previstas no contrato.
- c) Copia do expediente de contratación completo que tramite a Axencia de Turismo de Galicia para levar a cabo as actuacións incluídas no presente convenio.
- d) A Axencia Turismo de Galicia, unha vez adxudicada a obra remitirá ao Inega un certificado no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto que reflicta o importe final do investimento elixible na implantación do sistema de caldeira (as) de biomasa.

2.- O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

3.- O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do co convenio.

4.- O Inega efectuará o libramento dos fondos á Axencia Turismo de Galicia atendendo ás certificacións de gasto presentadas por esta.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e interpretación deste acordo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes do Inega.

O réxime de funcionamento e os acordos da Comisión axustaranse ao establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

-Seguimento e control do desenvolvemento do acordo.

-Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do acordo.

- Propoñer, no seu caso, a modificación das actuacións obxecto deste acordo e os centros nos que se van a realizar estas, modificación que requirirá acordo expreso das partes e

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

formalización a través da correspondente addenda. Respectarase, en todo caso, as contías económicas máximas das axudas e o orzamento máximo indicado na cláusula terceira.

Sétima.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente acordo:

- Transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de dous meses; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do acordo asumirá os custes que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste acordo.

En calquera suposto de resolución anticipada do acordo, as partes comprométese a continuo ata o remate das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorratio dos custos entre as partes, ata o límite das contías económicas máximas respectivamente comprometidas por estas.

Oitava.- Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Novena.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, pola Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.

As discrepancias que poidan xurdir resolveranse nos termos previstos no artigo 14 da lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décima.- Vixencia

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

A vixencia deste acordo é desde o día seguinte ao da sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo da vixencia das obrigas derivadas de regulamentos comunitarios, podendo prorrogarse por acordo das partes.

Décimo primeira.- Concorrenza de financiamento

O importe das cantidades recibidas para este acordo non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrenza con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento Ómnibus (2018/1046), unha operación poderá recibir axuda de un ou varios Fondos EIE ou de un ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado na solicitude de pagamento correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda de outro Fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse na solicitude de pagamento dun Fondo EIE pode ser calculado para cada Fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a prorrata, de conformidade co documento no que se establezan as condicións da axuda.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

As partes asumen o compromiso de se citar mutuamente como participantes do proxecto. Deste xeito deberase incluír en toda a documentación (técnica, administrativa, de promoción, difusión ou publicitaria ben sexa en soporte papel, electrónico ou audiovisual), e sobre os activos materiais dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de aproveitamento de enerxías renovables, que polo tamaño, valor ou outra característica que razoablemente se considere relevante, executados con cargo aos fondos do presente convenio, segundo a lenda específica asociada ao financiamento con fondos FEDER, lenda que estará situada nun lugar destacado nos soportes antes mencionados, cuns tipos de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

E, en proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan este acordo, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O director do Instituto
Enerxético de Galicia

A director da Axencia Turismo
de Galicia

Ángel Bernardo Tahoces

M^a Nava Castro Domínguez

ANEXO I

Relación dos centros e principais características dos proxectos

CENTRO	Potencia aprox.	Investimento con IVE*	Principais características dos equipamentos
Catro Albergues (Cebreiro, Portomarín San Lázaro e Triacastela)	260	250.521,07€	Instalación de caldeiras de biomasa de diferentes potencias en catro albergues. A potencia total instalada será de aproximadamente 260 kW. O almacenamento de pellets realizarase en silos téxtiles de capacidade aproximada de 3 t cada un.
Complexo da Barcia Escola de Hostalería de Galicia (Santiago)	1000	604.754,90 €	Realización dunha rede de distribución de calor para dar servizo a varios edificios mantendo as caldeiras instaladas con anterioridade. Construirase unha nova sala de caldeiras para aloxar dúas caldeiras de biomasa de potencia total en torno 1000 kW. Para o almacenamento do combustible necesítase un silo de capacidade aproximada 183 m ³

(*) A realización dos catro albergues está prevista en 2018, mentres que no complexo da Barcia está prevista unha execución de 150.000€ en 2018 e de 454.754,90 € en 2019.